

ENFIANDO

FRANCISCO PORRÚA, ABRINDO FIESTRAS

Texto Francisco X.
Fernández Naval
Escritor



Arriba, sobre o mostrador da librería Quijote, exemplares de "Cien años de soledad", de García Márquez, "Rayuela", de Julio Cortázar, e obras de Ray Bradbury e Italo Calvino, libros e autores editados por Francisco Porrúa. Abaixo, o propio editor galego



Non é doado que un oficio como o de editor supoña, para quen o exerce, un recoñecemento maior que o limitado ó propio ámbito profesional. Se cadra, ás veces, en función de particularidades estéticas e cuestións

non sempre vencelladas ó libro, o público chega a saber da personalidade dun editor. Francisco Porrúa constitúe unha excepción a canto vimos de dicir xa que, sen que existan nel e no seu traballo máis cuestións que as referidas ao estrito ámbito editorial, son moitos os lectores que saben del, que recoñecen a súa traxectoria, ata facelo protagonista dalgũa lenda relacionada con algún dos títulos editados por el.

Editor, propietario da editorial Minotauro, que funda no ano 1955 e que se inicia coa publicación das "Crónicas marcianas" de Ray Bradbury, con limiar de Jorge Luis Borges, propoñerá a Cortázar a publicación das "Historias de Cronopios y de Famas" e dende unha pequena empresa como Minotauro, faise cos dereitos de "El señor de los anillos de Tolkien". Pero o seu traballo de editor complementase co que desenvolve, por conta allea e durante máis de vinte anos, na editorial Sudamericana, sendo responsable da edición de boa parte da obra de Julio Cortázar, incluída "Rayuela", das primeiras traducións de Italo Calvino e de "Cien años de soledad" de Gabriel García Márquez. Lembrar, só por estatística e agora que estamos de congreso lingüístico, que este libro de García Márquez e o de Tolkien son os dous máis vendidos en castelán en todos os tempos.

Malia o anterior, el insiste en que o traballo do editor non ten a importancia que a xente lle dá, "só se trata da función de alguén que está casualmente no lugar e no momento axeitado" e resta valor ó feito de ser el quen decide publicar "Cien años de soledad", cando García Márquez aínda non era un escritor coñecido e insiste en



que este libro chegou a el como caído do ceo. Dígolle que non todos os editores son iguais, que hai algúns, coma el, que abríron fiestras para que entrase aire novo na literatura e falamos de "Rayuela": "Julio pensaba que 'Rayuela' era una especie de escándalo literario y que en Sudamericana iba a caer mal, pero lo que se comprobó fue que Sudamericana dejó de ser esa formalidad literaria que era, gracias a que publicó 'Rayuela'. Es decir, que 'Rayuela', el libro que iba a ser inadecuado para Sudamericana, convierte a ésta en una editorial adecuada para Cortázar y para muchos otros", e engade que aínda aceptando que acertou ás veces co seu criterio literario, tamén se equivocou noutras.

Francisco Porrúa naceu en Corcubión, concello da provincia da Coruña, en 1922. Con ano e medio marcha á Arxentina. Regresa a Galicia en 1932 e vive tres anos de adolescencia en Ferrol, pasando os veráns en Corcubión e algúns períodos en Oza dos Ríos. Ó cabo, emigra de novo, indo a vivir a Comodoro Rivadavia, ata que rematados os estudos secundarios, o pai plantéxalle a alternativa de buscar un traballo ou estudar bacharelato en Bos Aires. A opción elixida é a de continuar os estudos e prepararse para a vida universitaria na capital. En Bos Aires estudia e traballa en cuestións de imprenta, traducindo e corrixindo artigos para enciclopedias.

Dos días de Ferrol e da Graña garda unha emotiva lembranza, como emotiva é a descrición que fai da descuberta do bosque, ou do verde: "Hay otro lugar que recuerdo con mucho cariño, un lugar un poco alto y nosotros vivíamos detrás de la estación de ferrocarril. Ese lugar se llamaba Oza dos Ríos. Allí fue la novedad de la vida del bosque. Era la primera vez que vivía en un bosque. Había pasado por los bosques de Río de Janeiro y Brasil y había visto algunos bosques en Ferrol y A Graña, muy hermosos. En Oza dos Ríos, durante el tiempo en que viví

allí, me entendía con las cosas de la naturaleza, más que con la naturaleza, con lo verde. También la sociedad, los amigos, las amigas, todos esto que era para mí... en la Patagonia yo tenía un amigo, que era el hijo de la señora que lavaba la ropa de la casa y nos vendía huevos. Pero en Corcubión y en Ferrol estaba rodeado de gente..."

Galego sen saudade, segundo a súa propia expresión, a vivencia de Galicia de Francisco Porrúa sitúase na memoria da infancia, cando aprendeu os valores da amizade, da liberdade e da convivencia cunha natureza humanizada e amable. Corcubión daquela era, e para el segue sendo, un campo enorme de xogos no que el mantiña unha relación co tempo e co tempo das cousas, porque os rapaces da súa idade andaban sempre á procura de tesouros dos días das guerras napoleónicas.

Considera que con Julio Cortázar logrou manter unha amizade difícil, que antes, nos séculos XVIII e XIX, era bastante común, cando ser editor era unha ocupación de cabaleiros e o escritor era un amigo do editor. Sostén que hoxe, coa presenza dos grandes grupos anónimos e impersoais, isto resulta difícil, pero mantén que para os pequenos e medianos editores, a relación co escritor debería seguir sendo o esencial.

Dende o ano 1977 reside en Barcelona. Na Arxentina eran anos de ditadura militar, tempo de desaparecidos, entre os que había autores e amigos seus: Haroldo Conti, Rodolfo Walsh, Paco Uronso ou Miguel Ángel Bustos. Daquela decide tomar o primeiro barco e marchar. Hoxe, ás veces, cando observa a cidade e o mar dende un piso alto en Barcelona, párecelle estar contemplando o Monte do Pindo segundo se mira dende Corcubión, e é que a saudade está máis prendida a nós do que cada un puidera pensar, porque a saudade non é só estrañar o territorio que deixamos, senón tamén a nostalxia do paraíso da infancia.